



# Informa

febreiro 2005

## Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galicia

### O poder adquisitivo este ano?. Coma sempre.

O novo goberno central, como fixo o do PP nos anos anteriores, oferta unha **suba salarial en torno á inflación prevista, o 2%, pero lonxe da real, o 3,3%**. Mentres gobernou o PP os incrementos salariais limitáronse ao 2%, porcentaxe habitual da inflación prevista, sempre por debaixo da real. En 1997, non obstante, os nosos salarios permaneceron conxelados. Pero este acordo de suba salarial, ademais, supón un 0,74% adicional que se incluírá nas dúas pagas extras que se reciben por ano. Fóra deste 2,74% xeral, **fixase un 0,8% restante, para fondos adicionais, que só percibirán os funcionarios dependentes da administración xeral do Estado e que se vinculará ao cumprimento de determinados obxectivos de produtividade**. Entendemos que a oferta salarial é insuficiente, porque nos últimos anos, tanto co goberno do PSOE como do PP, os funcionarios temos padecido e acumulado perdas efectivas de poder adquisitivo debidas ás dúas conxelacións salariais e

aos raquíticos incrementos fixados polos gobernos, sempre por debaixo do IPC (ver cadro). **Se a inflación real en 2004 foi do 3,3%, non entendemos como se pode estar satisfeito con un acordo que supón unicamente o 2,7%**. De novo, un ano máis, non só non recuperamos, senón que perdemos poder adquisitivo (-0,6%). En Galicia, con unha das rendas máis baixas do Estado, seguiremos ensanchando os desequilibrios e diferenzas salariais.

Polo demais, puntos antes irrenunciáveis, como a "recuperación do poder adquisitivo perdido", a "suba equivalente ao IPC real", as "pagas extras iguais ás retribucións mensuais integras", os "trienios para o persoal eventual e interino", a "desaparición dos complementos de carácter arbitrario e a diminución das diferenzas salariais", a "cláusula de revisión anual", o "dereito de negociación colectiva como calquera traballador",... agora xa non parecen figurar na axenda dos sindicatos asinantes.

### Que pasa co 0,5% da masa salarial?

Desde 2004 os 500 mil empregados públicos que dependen da administración xeral do Estado teñen un Plano de Pensións, equivalente ao 0,5% da súa masa salarial: este Plano foi financiado polo Orzamentos Xerais do Estado, o que lle supón ao erario público máis de 50 millóns de euros.

**Aos empregados públicos que dependemos das administracións autonómicas e municipais, non se nos abonou ese 0,5% da nosa masa salarial; daquela podemos dicir con razón que o goberno central discrimina salarialmente a 2,2 millóns de empregados públicos.**

Que o Estado realice un Plano de Pensións privado para os seus empregados supón que desconfía ou que quere trasladar á opinión dos seus traballadores dúbidas sobre a fiabilidade das pensións públicas, dúbidas sobre a

capacidade do propio Estado para xestionalas e garantilas no futuro; o goberno semella que nos di moi claramente que, como corren perigo as pensións públicas, hai que dar diñeiro público -detráendoo dos salarios- á empresa privada BBVA e ao bisindicalismo -CCOO e UXT- (accionistas da entidade que xestiona o Plano de Pensións da Admón. Xeral do Estado), para que estes o xestionen e "nos garantan" así unha pensión digna a traballadoras e traballadores públicos.

Segundo se recolle na propia lei dos Orzamentos Xerais do Estado, as administracións autonómicas e municipais poderán establecer planos de pensións para os seus empregados, pero non pagar este diñeiro en salario directo, o que significa ir contra a capacidade de xestión das administracións autonómicas: é unha medida cargada de centralismo e

## SALARIOS 2005

Administración UGT CCOO CSIF

**ACORDO**

**A SÚA PUBLICIDADE**  
súbenos un 3,5%

**A REALIDADE**  
incremento xeral do 2%  
máis un 0,74 en pagas extras  
sen cláusula de revisión salarial

**CONCLUSIÓN**  
seguimos a perder poder adquisitivo  
(suba do IPC este ano 3,3%)

**A SOLUCIÓN**  
cláusula de revisión salarial  
recuperación do poder adquisitivo

ANO	IPC	SUBA	DIFER.	ANO	IPC	SUBA	DIFER.
1990	6,5	6,2	- 0,3	1998	1,4	2,1	+ 0,7
1991	5,5	5	- 0,5	1999	2,9	1,8	-1,1
1992	5,3	5	- 0,3	2000	4	2	- 2
1993	4,9	1,8	- 3,1	2001	2,7	2	- 0,7
1994	4,3	0	- 4,3	2002	4	2	- 2
1995	4,3	3,5	- 0,8	2003	2,6	2,7	+ 0,1
1996	3,2	3,5	+ 0,3	2004	3,3	2,7	- 0,6
1997	2	0	- 2	<b>Perda acumulada = 16,6 %</b>			

autoritarismo, pois o Estado non debe limitar a capacidade de xestionar as retribucións dos empregados das CC.AA. e tampouco pode discriminar aos empregados públicos que non dependen da súa xestión, como vén de facer. De paso, a Xunta de Galicia aforra ese 0,8% da masa salarial coa desculpa do acordo de mellora retributiva que asinou hai 18 meses e do que aínda non percibimos nin o 50% deses 100 € a distribuír en 3 anos!!

Non hai xustificación para isto, como tampouco a hai para que unha parte dos representantes sindicais apoiem á vez a

privatización das pensións e a discriminación cara os que cobramos do erario público autonómico. A reivindicación que o STEG propón é moi clara: **o goberno central debe transferir a Galicia o 0,5% da masa salarial total para o seu abono directo aos empregados e empregadas públicos galegos**; cada quen é maiorciño dabondo para saber o que facer co seu diñeiro. Queremos pensións públicas sólidas e que ninguén nos robe o 0,5% da nosa masa salarial.

## 2 A estratexia de Lisboa ou a mercantilización do ensino

Lugar: Lisboa. Data: 2000. Obxectivo: converter a UE na economía baseada no coñecemento máis competitiva e dinámica do mundo. Protagonista: Consello Europeo. Convidados especiais: Banco Mundial, Fondo Monetario Internacional, OCDE. Colaboradores: A maioría de dirixentes políticos e patronais, que se encargaron de difundir amplamente a concepción dunha escola ao servizo da competencia económica e ligada ao mundo empresarial. A escola debe formar para o emprego e debe ter en conta as demandas do empresariado. Só así -din- se poderá acabar co desemprego e facer fronte aos competidores. (Segue na pax. 2)

### A reforma do calendario escolar

## 3 Informe PISA 2003

Terá consecuencias no futura reforma ?

### Finlandia. Calidade e equidade

### Algúnhas conclusións

## 4 SAÚDE LABORAL

pola mellora das túas condicións de traballo esixe que se cumpra a lei de prevención de riscos laborais

### A situación do profesorado interino

### PARA SABER MÁIS

# A estratexia de Lisboa ou a mercantilización do ensino

os tres i: **inglese, informatica, impresa**

**Marco lexislativo:** O marco lexislativo que podería outorgar un estatus de lexitimidade a esas prácticas é o AXCS, cuxa finalidade é a "de establecer un marco normativo internacional para o comercio de servizos, contribuíndo así á súa expansión progresiva". Hai que lembrar que o comercio de servizos en xeral alcanzou xa o 50% do PIB mundial. Para facer isto posible, os países membros da OMC deberán liberalizar os seus mercados, isto é, facilitar desde o punto de vista legal a eliminación de todo tipo de barreiras que poidan pór en perigo a venda de "servizos" como os educativos. **Vocabulario:** capital humano, destinatario do servizo, sociedade do coñecemento, aprendizaxe ao longo de toda a vida, aprender a aprender, empregabilidade, axentes sociais, establecementos escolares,...

## Edusistemas ameazados:

**ITALIA** - nova lei educativa para abrir o camiño á escola-empresa: supresión do termo "público" no nome do ministerio, primas e bolsas para aquelas familias que opten pola escola privada, drástica diminución de fondos para a escola pública, utilización da autonomía dos centros escolares para favorecer a competitividade entre eles e a súa privatización, procura de sponsors que patrocinen actividades escolares, relixión obrigatoria, ... **GRAN BRETAÑA** - xestión de centros escolares como empresas: se unha escola non atinxe resultados satisfactorios procédese a substituír a dirección, se os maos resultados persisten, cámbiase o claustro enteiro, se aínda seguen sendo deficientes, péchase a escola e procédese á súa venda a unha empresa privada. Corporacións vencelladas á fabricación e venda de armamento, como SERCO, fixéronse cargo da xestión de varias escolas en Inglaterra, así como da xestión da inspección educativa, da formación do profesorado, ... Outra posibilidade: que as propias escolas se convertan en empresas: nunha lei aprobada recentemente, o goberno autoriza aos centros a crear as súas empresas para ofrecer a clientes externos instalacións e servizos. Obxectivos: aforrar o máximo posible e colocarse en boa posición no mercado global de prestacións de servizos educativos.

**FRANCIA** - o goberno encargou un informe exhaustivo a un perito, Claude Thélot, como paso previo para aprobar

**Preténdese converter a educación nunha mercadoría.**

**Reino Unido, Italia e incluso Francia xa están a aplicar nas súas reformas educativas estas políticas neoliberais.**

**A defensa do Ensino Público quédase, no documento do MEC, nunha mera declaración de intencións.**

**É necesario loitar contra a mercantilización do ensino, en definitiva, converter o sistema educativo público no garante dunha sociedade máis xusta.**

chamada Lei de Orientación, que reconece unha nova estrutura no mercado laboral que vai requirir dun número cada vez maior de empregos non cualificados. Preténdese, polo tanto, reducir a misión da escolarización universal e concentrarse en outorgar unhas competencias e destrezas mínimas que permitan ao futuro traballador adaptación constante a novos postos de traballo, todos eles sen especial cualificación.

**ESPAÑA** - no pasado mes de Xuño, o novo goberno paralizou algúns dos peores desenvolvementos da LOCE, imposta xunto coa Lei de FP e das cualificacións e a LOU polo anterior goberno Aznar. Ese era o marco lexislativo que tentaba aplicar no Estado Español as medidas propostas en Lisboa no ano 2000. Pero as propostas de reforma do sistema presentadas non responden ás expectativas orixinais de cando o PSOE rexeitaba as tres leis do PP. A aplicación dos obxectivos marcados pola UE, como se puxo de manifesto no Seminario Internacional organizado polo MEC hai poucas semanas, indica que a pesar de se conxelaren algúns dos desenvolvementos da LOCE, outros seguirán adiante:

o mantemento do sistema de concertos con centros privados nos niveis non obrigatorios, a falta de compromiso explícito para dotar de persoal e recursos a todos os centros ou para reducir a ratio por docente, a consagración dun sistema de designación de directores/as que rompe coa tradición de democrática, o mantemento da materia de relixión e da súa alternativa, ... As propostas *estrela* da reforma que prepara o goberno actualmente (aínda á espera do articulado da LEI) refírense aos obxectivos marcados para 2010 pola UE: aplicar políticas que van na liña "dos tres i", en feliz expresión de Silvio Berlusconi. En ningún momento se pon en dúbida a existencia de dúas redes educativas: nin sequera se chega a anunciar ningunha medida para frear tal proceso, agudizado até extremos increíbles nalgunhas cidades e cc.aa. Polo tanto, a prioridade do Ensino Público, que Zapatero reivindicou no seu día, quédase no documento presentado polo MEC nunha mera declaración de intencións.

## Concienciarse do problema:

É necesario loitar contra a mercantilización do ensino. Como podemos ver, a análise do que ocorre en Europa é coincidente, pero aínda non foi posible articular unha resposta conxunta. No Foro Mundial de Educación, en Xullo de 2004 en Porto Alegre, presentouse unha Plataforma Mundial de Loitas que pretende recoller as principais reivindicacións e preparar unha axenda planetaria de mobilizacións en contra da privatización dos sistemas educativos. A organización dunha Xornada Europea de Loita en Defensa da Educación Pública, proposta reiteradamente no FSE, farase realidade en Maio de 2005. Declaracións como as realizadas polos ministros de Educación brasileiro e argentino e polos sindicatos CNTE e CTERA recentemente, onde se opúñan á liberalización do comercio de servizos educativos e á inclusión da educación no ALCA, poden mostrar a vía para se opor ás políticas neoliberais, tamén en Europa. Isto é o que debemos esixir do goberno central: unha escola pública, laica, democrática, financiada a través dunha lei específica que garanta os medios para acabar co fracaso escolar, en definitiva, converter o sistema educativo público no garante dunha sociedade máis xusta para todas e todos.

## A reforma do calendario escolar

En recente rolda de prensa celebrada no Campus Universitario de Ourense, Celso Currás, conselleiro titular de Educación, manifestou o desexo do seu gabinete de reaxustar o inicio e remate do curso ao 1 de Setembro e 30 de Xuño respectivamente.

Así mesmo, o Sr. Currás, amosouse tamén partidario das últimas propostas do MEC que falan de clases de reforzo despois do horario diario obrigatorio, matizando -iso si- que solicitaría financiamento específico para implantar esta medida en Galicia.

### A carga lectiva

- O debate sobre o calendario escolar do alumnado non debe confundirse co calendario laboral do profesorado que, polo demais, é xa de 10 meses, máis un mes -o de Xullo- de formación e actualización pedagóxica, e, no seu caso, de realización de concursos-oposición para o ingreso nos diferentes corpos da función docente.
- O calendario escolar do alumnado conta en Galicia con 180 días

Días lectivos anuais		
Comunidade	Prim.	Sec.
Galicia	180	175
Aragón	177	175
Murcia	177	176
A Ríoxa	177	175
Baleares	176	174
Castela León	176	172
Madrid	176	174
Navarra	176	165
Euskadi	176	175
Andalucía	175	175
Canarias	175	175
Castela M.	175	175
Cataluña	175	175
P. Valenciano	175	175
Asturias	174	172
Estremadura	174	174

en Primaria e 175 en Secundaria despois dos incrementos sucesivos dos últimos anos, sendo polo tanto o máis dilatado de España.

3. En comparación cos países membros da OCDE, tendo en conta as horas lectivas anuais, tamén nos situamos por encima da media. Parece ser, ademais, que non hai moita relación entre a carga lectiva e os resultados académicos: Finlandia e Corea, os mellores no informe PISA 2003, son dos que menos carga lectiva anual teñen. Pola contra países como México, Portugal, Italia ou Grecia, que copan os primeiros lugares en canto a horas lectivas anuais, ocupan os últimos postos no rendemento académico.

### O calendario escolar

1. Efectivamente, a distribución lectiva anual non é a máis axeitada desde o punto de vista pedagóxico; pero isto é debido a que España axeitou o seu calendario laboral ao litúrxico, adoptando como festivos unha boa serie de días de culto católico obrigatorio e que, ademais, son móbiles, facendo que os trimestres poidan ter unha oscilación ata de varias semanas en canto á súa duración se refire entre un ano e outro.

2. Para que o reparto lectivo puidese ser o máis equitativo posible e, polo tanto, o máis pedagóxicamente axeitado, (do estilo de unha semana libre por cada tres ou catro de clase, ou mesmo un día libre de cada 6, tal e como se funciona en varios países europeos, máis un mes de vacacións estivais), habería que alcanzar un amplo consenso entre as familias, os traballadores do ensino e as administracións competentes.

3. Para alén dos problemas sociais derivados da convivencia dun horario académico (o do alumnado) e dun horario laboral (o das familias e da sociedade en xeral) diverxentes, e para o que solicitaríamos un forte compromiso de toda a comunidade, habería que contemplar tamén aspectos específicos que requirirían solucións administrativas e legais, como por exemplo para onde reubicar as probas de recuperación, os concursos-oposición do profesorado interino, as reunións dos equipos docentes para preparar o curso, para aprobar os planos de traballo, para avaliar, etc.

O STEG quere facer constar, en definitiva, que unha cousa é predicar e outra dar trigo; non abonda a fotoxenia das palabras bonitas para facer labor de goberno. É mester meterlle o dente aos problemas tal e como eles se manifestan en todas as súas dimensións. Máis unha vez insistiremos en que a calidade do

ensino atende a factores como: maior investimento, diminución de ratios, formación do profesorado, atención á diversidade, servizos sociais e reducións laborais para as familias poderen mellor atender os seus fillos e fillas, ...

### Horas lectivas anuais nos países da OCDE\*

	7-8	9-11	12-14	15-16
Francia	1020	1200	1027	1067
Estados Unidos	1020	1200	1020	1000
Australia	985	954	974	204
Irlanda	985	955	967	750
EE.UU.	965	1200	1070	1000
Reino Unido	875	915	835	700
Francia	875	875	805	575
Corea	865	978	1074	1275
Reino Unido	861	878	877	588
Finlandia	845	840	865	1000
Francia	825	878	885	1075
Reino Unido	805	870	877	1065
ESPAÑA	780	770	965	965
Estados Unidos	757	806	800	820
Corea	641	754	641	627
Francia	625	750	691	675
Reino Unido	605	754	675	675
Reino Unido	605	750	645	670
Francia	605	670	690	1095
Reino Unido	605	710	605	675
Reino Unido	605	754	670	675
Reino Unido	605	710	670	675
Reino Unido	605	750	605	670
Corea	605	720	667	1000
Reino Unido	605	720	667	665
Francia	605	670	720	665
Finlandia	605	654	702	665

Fonte: OCDE, "Education at a Glance 2004"

\* Póñense 4 tramos dado que en varios países, a carga lectiva varía segundo o ciclo educativo

# Informe PISA 2003

## Terá consecuencias na futura reforma?

### Que é?

O Programa para a Avaliación Internacional do Alumnado (PISA), é un estudo realizado pola OCDE que tenta medir o rendemento do alumnado de 15 anos (independentemente do nivel educativo no que se atopen), en matemáticas, lectura comprensiva, ciencias e resolución de problemas. PISA non é unha avaliación curricular, é unha avaliación dos coñecementos e destrezas esperables no alumnado próximo a rematar o ensino obrigatorio.

No 2003 participaron 276.175 alumnos e alumnas de 41 países (30 da OCDE máis 11 convidados). En España participaron 383 centros con un total de 10.761 alumnos e alumnas.

Cada ano faise máis fincapé nunha área determinada. Neste ano tocoulle a quenda ás matemáticas. Aparte da comparación entre países, o estudo permite ver outras variables como a equidade, dos distintos sistemas educativos, as diferenzas segundo a titularidade de centro, diferenzas por sexo...

### O rendemento académico

	LECTURA COMPRENSIVA		CULTURA MATEMÁTICA	
1.	Finlandia	543	Finlandia	544
2.	Corea	534	Corea	542
3.	Canadá	528	Holanda	538
4.	Australia	525	Xapón	534
5.	N. Zelanda	522	Canadá	532
6.	Irlanda	515	Bélxica	529
7.	Suecia	514	Suíza	527
8.	Holanda	513	Australia	524
9.	Bélxica	507	N. Zelanda	523
10.	Noruega	500	Chequia	516
11.	Suíza	499	Islandia	515
12.	Xapón	498	Dinamarca	514
13.	Polonia	497	Francia	511
14.	Francia	496	Suecia	509
15.	EEUU	495	Austria	506
16.	<b>MEDIA</b>	<b>494</b>	Irlanda	503
17.	Islandia	492	Alemaña	503
18.	Dinamarca	492	<b>MEDIA</b>	<b>500</b>
19.	Austria	491	Eslovaquia	498
20.	Alemaña	491	Noruega	495
21.	Chequia	489	Luxemburgo	493
22.	Hungría	482	Hungría	490
23.	<b>España</b>	<b>481</b>	Polonia	490
24.	Luxemburgo	479	<b>España</b>	<b>485</b>
25.	Portugal	478	EEUU	483
26.	Italia	476	Italia	466
27.	Grecia	472	Portugal	466
28.	Eslovaquia	469	Grecia	445
29.	Turquía	441	Turquía	423
30.	México	400	México	385

### Diferenzas segundo o sexo

En matemáticas aos varóns avantaxan en 9 puntos ás mulleres en consonancia coa media da OCDE. Pola contra en lectura, as mulleres avantaxan os varóns en 39 puntos (500 fronte a 461). No conxunto da OCDE a vantaxe é de 34 pts.

### Comparación con PISA 2000

En ningunha das áreas avaliadas se producen diferenzas significativas a respecto do informe do ano 2000.

### Diferenzas segundo a titularidade do centro

O alumnado dos centros privados avantaxa en 32 puntos ao dos centros públicos. Segundo o propio informe "a diferente orixe socioeconómica e cultural do alumnado dos centros públicos e privados explica a diferenza que presentan os resultados, xa que se eliminamos a influencia do devandito factor os resultados son idénticos"

### Rendemento e PIB per cápita

Existe unha clara relación entre os resultados obtidos polos diferentes países e o seu PIB per cápita. A maior nivel de riqueza mellores resultados.

Neste senso, os resultados de España son esperables conforme o seu nivel de riqueza.

### Rendemento e investimento en educación

Ainda que non tan clara como no caso da riqueza do país, a relación investimento-resultados tamén é evidente. Os resultados de España están lixeiramente por encima do esperado, tendo en conta o investimento en educación. Dos países membros da OCDE, España ocupa o posto 25, tan só por diante de Turquía, Grecia, Eslovaquia e Xapón.

No ano 2003 en España adicouse un 4,3% do PIB a educación, mentres que a media da OCDE foi dun 5,6% e a da UE dun 6%.

### Rendemento e estatus socioeconómico e cultural

Este índice obtívose tendo en conta o nivel de estudos dos pais e nais, o prestixio das súas profesións, os recursos educativos postos a disposición dos alumnos e o nº de libros do fogar.

A correspondencia estatus socioeconómico-resultados é moi acusada e España sitúase por encima do esperable, xa que a nivel socioeconómico tan só temos por debaixo a Portugal e México.

### Dispersión das puntuacións. A equidade do sistema

Así como o promedio das puntuacións obtidas polo alumnado, pode dar unha idea da excelencia relativa aos rendementos educativos dun país, a comparación da dispersión das puntuacións pode servir como índice da equidade do sistema. Os países nos que a distancia entre as puntuacións obtidas polos mellores e os peores é maior, non acadan equilibrar, ou incluso acentúan, as diferenzas da orixe familiar e social coas que o alumnado chega ao sistema educativo. No gráfico podemos ver que España está colocada na parte alta da clasificación, o que fala ben da equidade do noso sistema, aínda que empeoramos a respecto do ano 2000, pois o nivel máis baixo (hai 6 niveis) pasou do 4% ao 8%. Os países con sistemas educativos segregadores, con itinerarios temperás –Bélxica, Alemaña, Suíza- producen maiores dispersións nos seus resultados, mentres que os que teñen un sistema máis integrador e comprensivo – España entre eles- tenden a ofrecer unha menor dispersión.

Cabe destacar que hai países que conseguen combinar excelencia e equidade, caso de Finlandia e Canadá.

### Finlandia. Calidade e equidade

As comparacións son odiosas, pero en pleno debate dunha reforma educativa, ao mellor non está demais botarlle unha ollada ao sistema educativo que sae mellor parado no informe PISA.

??Investimento en educación: 6,2% do PIB. España 4,3%

??Etapa obrigatoria, 98% pública. Non hai centros concertados.

??Público e gratuito desde os 0 anos ata o remate da Universidade. Na etapa obrigatoria inclúe libros, todo tipo de materiais, transporte e comedor.

??Obrigatorio desde os 7 ata aos 16 anos, aínda que o alumnado de 6 escolarízase nas escolas de Primaria. Dúas etapas: Primaria 6 anos e Secundaria 3 anos.

??Postobrigatorio: 3 anos de Bacharelato ou de FP básica. Calquera das dúas dá acceso á FP superior (3 anos) ou ben a universidade (3 ou 5 anos). O 60% cursa o bacharelato e o 40% FP.

??A etapa obrigatoria é comprensiva. Grande importancia da atención á diversidade. En canto se detectan problemas de aprendizaxe nun alumno/a intentan corrírse: profesorado de apoio, desdobres,...

??A repetición de curso é algo excepcional, e de producirse faise nos primeiros cursos.

??Tendencia a escolarizar toda a etapa obrigatoria no mesmo edificio.

??O estado marca o 75% do currículo. 25% o centro educativo.

??Os centros nos que hai alumnado con problemas sociais contan con maior presuposto.

??Cada centro conta con un traballador social e ten adscrito un médico e un ATS.

??Horario lectivo: cada ciclo ten unha carga lectiva distinta. 7-8 anos: 302 h. anuais menos que en Galicia. 9-12 anos: 178 menos. 13-16 anos: 167 menos.

??Profesorado cun grande recoñecemento social. É unha das profesións máis valoradas. Salarios profesorado lixeiramente inferiores aos nosos.

??Formación do profesorado.

Inicial: licenciatura de 6 anos para toda a etapa obrigatoria. 1/3 de formación pedagóxico-didáctica e 2/3 para a especialidade.

Continua: moita importancia, especialmente como grupos de traballo. Case todo o profesorado conta con un máster.

### Que fiabilidade teñen estes estudos?


Desde o STEG pensamos que para comparar resultados académicos, hai que explicar os factores que levan a eses resultados e ter en conta a realidade social de cada país.


Por outra banda, preocupanos o feito de que a OCDE faga tanto énfase nunha cultura baseada no rendemento escolar, nos comportamentos altamente competitivos entre alumnos, docentes e máis escolas.


De todos os xeitos imos facer un breve resumo dos resultados máis rechamantes deste informe, pois sempre podemos tirar algunhas conclusións.


1. Finlandia	11. Dinamarca	21. Italia
2. México	12. Luxemburgo	22. Chequia
3. Irlanda	13. Francia	23. EEUU
4. Canadá	14. Grecia	24. N. Zelanda
5. Portugal	15. Australia	25. Suíza
<b>6. España</b>	16. Hungría	26. Xapón
7. Polonia	17. Corea	27. Alemaña
8. Islandia	18. Eslovaquia	28. Turquía
9. Noruega	19. Austria	29. Bélxica
10. Holanda	20. Suecia	

### Algunhas conclusións

 Aínda que a lectura da prensa (e a do goberno?), foi a de tildar de catrastróficos os resultados, se atendemos á renda per cápita, ao nivel socio cultural, ao que investimos en educación,... resulta que estamos por encima do esperado.

 Os expertos din que unha das claves do éxito finlandés é a valoración social do profesorado, xunto coa formación do mesmo. Tomarán nota os "reformistas"?, igual vai ser que temos razón co do corpo único de ensinantes...

 Todo o mundo dá por feito que o ensino privado é mellor que o público. Pois parece ser que é mentira, e non o dicimos nós.

 Se non fose polo ensino público, onde estaríamos no "ranking" de equidade?

# Saúde laboral

## Pola mellora das túas condicións de traballo esixe que se cumpra a lei de prevención de riscos laborais

Xa a Lei de Prevención de Riscos Laborais 31/1995 de 8 de novembro, sinala no terceiro punto da súa exposición de motivos que esa "...Ley tiene por objeto la determinación del cuerpo básico de garantías y responsabilidades preciso para establecer un adecuado nivel de protección de la salud de los trabajadores frente a los riesgos derivados de las condiciones del trabajo, y ello en el marco de una política coherente, coordinada y eficaz de prevención de los riesgos laborales".

Polo tanto, **as condicións de traballo importan e moito para a determinación dos riscos** polos que as traballadoras e traballadores se ven ameazados e poden enfermarse por motivos da realización do seu traballo.

Dende o STEG, conscientes diso, queremos lanzar durante este curso unha campaña de Saúde Laboral que confederalmente impulsamos e que denuncia precisamente isto: "Pola mellora das túas Condicións de Traballo, esixe que se cumpra a Lei de Prevención". **Niso che vai a saúde.** Visítaremos os centros de traballo coa finalidade de concienciar a traballadoras e traballadores para que esixan unha mellora das súas condicións



de traballo, que se viron empeoradas coas políticas neoliberais que esixen un aumento dos beneficios e a introdución de calquera dos dereitos da cidadanía no círculo do mercado salvaxe, provocando mesmo o deterioro das súas condicións laborais. Cuestións coma o descenso na participación das traballadoras e traballadores na toma de decisións en asuntos que afectan ás súas condicións de traballo, a perda progresiva do poder adquisitivo ano tras ano, a falta de autonomía no control do traballo, a inexistencia de propostas realistas de prevención de riscos en materia de saúde, o aumento da adaptación permanente e a flexibilización continuada dos perfiles de traballo das e dos traballadores, a inestabilidade e a precarización laboral, os riscos psicosociais no traballo, o aumento das esixencias laborais e a intensificación do traballo, etc., poñen de manifesto un empeoramento das condicións de traballo que redundan na saúde de quen traballa. **Non nos son alleos efectos como estrés laboral, insatisfacción profesional, problemas músculoesqueléticos, enmascaramento de doenzas baixo a aparencia de enfermidades comúns, etc.**

## Queda moito por facer, quédanos moito por esixir

Dende o STEG coidamos que **é necesario un cambio de actitude a respecto da concepción que temos todas e todos** (Traballadoras/es, Empresarias/os e Administración) **da seguridade e da saúde no traballo** e das cousas que facemos para melloralas. Temos que interiorizar que ata que non compartamos esa preocupación de forma xeneralizada e actuemos en consecuencia, as causas non variarán substancialmente. Educar na cultura preventiva á sociedade levaranos aínda tempo, custaranos aínda mortes, pero non debemos repousar nese intento. Debemos seguir esixindo o compromiso de cada dirección de empresa coa

seguridade e a saúde, condicionando a súa estrutura organizativa á prevención de riscos de todos os seus postos e centros. Debemos esixir a planificación das medidas preventivas, vixiar para que se cumpran os procedementos de execución e a auditoría e avaliación do sistema. **Temos que implicarnos** todas as traballadoras e traballadores, **na participación nos Comités de Seguridade e Saúde e na denuncia de situacións de risco**; concinciamos no logro de sa nova actitude que supoña considerar a prevención como vital para o desenvolvemento do noso traballo diario e en cómo o acometemos. Esixir, en fin, á Administración,

que non é suficiente o que se está facendo, que se ten que considerar unha prioridade a saúde laboral se queremos erradicar das nosas estatísticas esas cifras de mortos por mor do traballo; esixirille que se cumpra a Lei de Prevención de Riscos Laborais. Alén das declaracións, alén dos comunicados, desde o STEG queremos solidarizar con quen enferma por realizar o seu traballo ou mesmo morre por facelo, coas súas familias e compañeiros e compañeiras. Reclamamos un momento de reflexión para que isto non siga sucedendo e para **recordar que nos pagan polo noso traballo, non pola nosa saúde.**

## A situación do profesorado interino en Galicia

A día de hoxe, próximos á convocatoria dunhas novas oposicións, os problemas do profesorado interino seguen sen solución.

De todas e todos é coñecida a situación en Galicia, cun **Acordo de Colocación, que non de estabilidade**, do ano 95, e a posterior Addenda de 2002. Este acordo o que xenera, sobre todo en secundaria, é que ano tras ano un número maior de persoas se queden sen traballo. **Lembremos os 242 profesores e profesoras que este curso non obtiveron destino.**


Por outra banda, a Consellería négase a negociar a Proposta de Estabilidade que no seu día presentaron o STEG e outras tres organizacións. É máis, esta proposta incluso foi denunciada ante a Mesa Sectorial, por considerala incompatible co Acordo do 95. Isto demostrouse que non era así, recoñecido pola propia Consellería.

**A Proposta do STEG recollía tamén un cambio no modelo de acceso á Función Pública Docente. Propoñendo a Dobre**

**Vía** como o sistema máis axeitado para solucionar os problemas do profesorado interino. **A día de hoxe podemos informar que desde o Ministerio se está traballando na elaboración dun proceso transitorio**, no sentido do dos anos 90. **Isto demostra a viabilidade das medidas propostas polo STEG.**

Pódese observar que o goberno galego mira cara outro lado no tema da estabilidade. No estado español, estanse negociando este tipo de propostas e **xa están aprobados os acordos de estabilidade en Andalucía, Canarias, próximo a aprobar en Catalunya e outro en negociación en Cantabria.**

Dende o STEG seguiremos negociando para que a nosa proposta sexa unha realidade, ao tempo que estaremos atentos coas **irregularidades que acontecen nas listas de secundaria.** Temos feita denuncia pública desta situación, **na nosa web temos colgados unha serie de casos sobre este tema**, e animamos a este colectivo a que nos faga saber outros que seguro están sucedendo, para que esta denuncia poida saír



## PARA SABER MÁIS

- 1- Estatuto Docente.** CCOO, CSI-CSIF e UGT, acaban de presentar conxuntamente a súa proposta. Pretenden que os dereitos e obrigas do profesorado se negocien nunha mesa central en Madrid, baleirando de contido as mesas sectoriais de educación autonómicas. No seu documento avogan pola implantación dunha carreira docente meritocrática (vinculada a avaliacións externas) e xerarquizada, defendendo por exemplo o corpo de catedráticos, o que servirá para abrir máis as diferenzas salariais, e todo con criterios arbitrarios dependendo da inspección ou da dirección de turno.
- 2- Para maio estará lista a reforma das carreiras universitarias.** Acabáronse as diplomaturas e licenciaturas. Agora haberá estudos de grao (3-4 anos) e de postgrao (máster de 1 ou 2 anos e doutorado). Maxisterio seguirá sendo unha carreira de segunda?
- 3- Representantes da Confederación de STes-i, mantivemos unha entrevista coa ministra** de educación, na que lle achegamos as nosas consideracións para a reforma da LOCE, poñendo de manifesto o noso compromiso por un sistema educativo público. Manifestámoslle a nosa opinión sobre concertación, lei de financiamento, profesora do interino, ratios, titorías, materia de relixión, actividades escolares complementarias, xubilacións, corpo único,... Caerán en saco roto?

**4- A Asemblea de Mulleres do STEG edita para 2005 este calendario mural con 365 referencias a mulleres galegas e universais que fixeron aportacións valiosas ao mundo da arte, do coñecemento, do deporte, da xustiza social,...** É unha sinxela homenaxe para contribuír a un moi necesario cambio no imaxinario colectivo, que segue a situar ás mulleres fundamentalmente no ámbito doméstico, na dependencia e na subordinación.



# STEG

web: [www.stegsindicato.org](http://www.stegsindicato.org)

E-mail: [steg@stegsindicato.org](mailto:steg@stegsindicato.org)

Sedes:

**A Coruña-Santiago**  
Avda. Rosalía de Castro, 29  
Gal. Belén, local 209  
15706 Santiago  
Tfno. 981591939  
[corunha@stegsindicato.org](mailto:corunha@stegsindicato.org)

**Lugo**  
r/Bolaño Rivadeneira, 20 2º B  
27001 Lugo  
Tfno. 982240066  
[lugo@stegsindicato.org](mailto:lugo@stegsindicato.org)

**Ourense**  
r/Sto Domingo, 60.  
Galerías Xesta, entrechán, local 1  
32005 Ourense  
Tfno.988252323  
[ourense@stegsindicato.org](mailto:ourense@stegsindicato.org)

**Pontevedra**  
r/ Gutiérrez Mella do, 3  
Galerías Oliva, 1-3º  
36001 Pontevedra  
Tfno. 986857545  
[pontevedra@stegsindicato.org](mailto:pontevedra@stegsindicato.org)

**Confederación STes-i**

web: [www.stes.es](http://www.stes.es)

E-mail: [stes@stes.es](mailto:stes@stes.es)